



RESOLUCIÓN do 17 de outubro de 2019 pola que se aproba a listaxe provisional de admitidos e excluídos da bolsa de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial convocada pola Resolución da Dirección Xeral de Xustiza do 18 de marzo de 2019.

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Orde do 4 de outubro de 2019 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, así como no artigo 10 da Resolución do 18 de marzo de 2019 pola que se convocan bolsas de traballo de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, e unha vez vistas as solicitudes recibidas e baremados os méritos acreditados polos aspirantes,

RESOLVO:

- 1.- Aprobar as listaxes provisionais de aspirantes admitidos e excluídos das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, así como a súa baremación provisional, e acordar a súa publicación no sitio web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais na intranet de Xustiza.
- 2.- Os interesados terán dez días hábiles a partir da súa publicación para presentar as alegacións que consideren pertinentes utilizando o formulario electrónico dispoñible na aplicación informática, presentación que se deberá realizar de acordo co disposto no [artigo oitavo da Resolución do 18 de marzo de 2019](#).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez

